



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/17/2014	CONYI0RT
3R1C6B3P6B4E5N4E03XR	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE AVALIACIÓN DAS REFERENCIAS TÉCNICAS, PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE HARDWARE E SOFTWARE ESTÁNDAR NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, que actúa como presidente.

Vogais:

Dna. Pilar Suanzes Hyde, Secretaria Acctal
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental
D. Manuel Rodríguez Alvarez técnico informático

Secretario da Mesa: Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección Contratación.

Está presente na súa calidade de coautor do informe técnico D. Gustavo Arribas Robles, técnico superior informático.

Sendo as 12:00 horas do día dezaseis de outubro de dous mil catorce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para avaliar as ofertas técnicas presentadas polos licitadores do procedemento aberto para a adxudicación do servizo de asistencia técnica para o servizo de mantemento de hardware e software estándar nas instalacións municipais.

Declarada aberta a sesión pola presidencia, éntrase a debater o informe elaborados polos técnicos municipais D. Manuel Rodríguez Alvarez e D. Gustavo Arribas Robles, que se achega como anexo a esta acta, no que se analizan os criterios de licitación suxeitos a xuízo de valor das ofertas presentadas polas empresas licitadoras.

O informe, despois dun estudo pormenorizado das ofertas, presenta as seguintes conclusións:

É criterio a avaliar por esta Mesa, o contemplado no punto 9 da folia resumo do prego de condicións administrativas particulares que rexe este contrato, calidade do proxecto, este criterios subdivídese en persoal e calidade da prestación do servizo.

O informe emitido reflicte en primeiro lugar un resumo das ofertas presentadas, posteriormente indican os criterios seguidos para realizar as puntuacións de cada apartado e por último a puntuación de cada unha das ofertas.

Inforhouse S.L.

- a) Traballadores: 18 puntos
- b) Calidade prestación do servizo 25 puntos
- Total..... 43 pts



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

2Ksystems soluciones informáticas Ferrol S.L.

- a) Traballadores: 6 puntos
- b) Calidade prestación do servizo 10 puntos
- Total..... 16 ptos


A Mesa de Contratación acordou facer seu este informe, coas puntuacións propostas, unha vez debatido o mesmo, e polo tanto ratificar a puntuación outorgada a cada unha das empresas licitadoras.

Levantada a sesión pola presidencia, as doce horas e vinte e cinco minutos da data indicada no encabezamento, esténdese a presente Acta que, trala súa lectura, asinan o presidente e o secretario da Mesa, da que dou fe.



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDIMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Novas Tecnoloxías e Comunicacions – MRA	
Número expediente:	Documento:
CON/17/2014	INFYI06C
535R2C306U6A3A490NYC	
	

INFORME DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS SUXEITOS A UN XUIZO DE VALOR DO CONCURSO DE MANTEMENTO DE HARDWARE E SOFTWARE STANDARD NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

De acordo co especificado no punto 9 do prego de cláusulas administrativas, só se valorarán os equipos de traballo e a calidade de prestación do servizo, non valorándose ningunha outra apreciación reseñada nas propias ofertas.

As ofertas son valoradas por orden de entrada no Rexistro Xeral do Concello:

XUIZO DE VALOR

OFERTA TÉCNICA 1 – INFORHOUSE S.L.

a) *Traballadores*

Presenta un equipo formado por 8 traballadores, un dos cales traballaría de forma “*In-situ*”. Tódolos traballadores cumpren o requisito de titulación mínima requirida, e un deles a supera pois posúe titulación universitaria de Grado Medio.

Polo que respecta as certificacións esixidas, tanto o técnico “*In-situ*” como tres técnicos de apoio posúen a certificación de almacenamento intelixente ReadyNas. Respecto da certificación MTCRE de Mikrotik, un dos técnicos, o técnico de soporte de Comunicacions, non só posúe o certificado requirido senón que tamén posúe 4 certificados de grao superior ao requirido.

b) *Calidade de prestación do Servizo*

Dentro da proposta presentada, indican tres vías de recepción de avisos de incidencias (teléfono, correo electrónico e Web). Fan un desenrolo total dos pasos a seguir ata a resolución da incidencia, e poñen un servizo de *Help-Desk* a disposición dos técnicos do Concello para o control das incidencias. Realizan una descrición completa e detallada de todos os servizos a realizar.

OFERTA TÉCNICA 2 – 2KSYSTEMS SOLUCIONES INFORMÁTICAS FERROL, S.L.

a) *Traballadores*

Presenta un equipo formado por 4 traballadores, ningún dos cales traballaría de forma “*In-situ*”, se ben indican que ao comezo do servizo e mentres non teñan os traballos iniciais realizados, si se desprazará un técnico ao Concello isto e só aplicable ao Grupo 2 de incidencias (equipos de usuarios). Tódolos traballadores cumpren o requisito de titulación mínima requirida.

Polo que respecta as certificacións esixidas, un dos técnicos posúe a certificación de almacenamento intelixente ReadyNas así como a certificación MTCRE de Mikrotik.

b) *Calidade de prestación do Servizo*

Dentro da proposta presentada, indican unha vía de avisos de incidencias mediante correo electrónico.



NARÓN

Realizan una descripción completa de todos os servizos a realizar, sen detallar o procedemento e deixando a resolución de incidencias "no aire" ata que se plantexe co Departamento de Informática un proxecto para a minimización do impacto de fallos.

VALORACIÓN

Para a valoración, se diferenciará entre o apartado de traballadores (20 puntos como máximo) e o de calidade de prestación do servizo (25 puntos como máximo).

Dos 20 puntos do apartado de traballadores, resérvanse 10 puntos como máximo para o número de traballadores a disposición do proxecto, e os outros 10 para a maior cualificación dos mesmos.

Valoración traballadores

Concepto	Apartado	Puntos	Máximo
Nº de traballadores	Incluir 3 técnicos	5	5
	Por cada técnico por riba do indicado no apartado anterior	1	5
Cualificación dos traballadores	Por posuir titulación universitaria grado medio	3	3
	Por posuir titulación universitaria grado superior (en caso de titulado superior non se valoran os grados medios)	5	5
	Por cada traballador certificado por Netgear a maiores do exixido	1	5 (en conxunto)
	Por cada certificado de Mikrotik de grado superior ao exixido	1	

Dos 25 puntos do apartado de calidade de prestación do servizo, daráselle a máxima puntuación ao proxecto que a criterio dos técnicos presente a mellor proposta baseándose en características de especial relevancia como a dispoñibilidade total e inmediata dos técnicos, a flexibilidade de canles de comunicación de incidencias, a dispoñibilidade do control de incidencias e calquera outro en beneficio da mellora e calidade do servizo.

É fundamental que este garantida a resolución de incidencias nuns tempos mínimos, xa que a falla no funcionamento dun servidor, e por tanto a parada do traballo do persoal, supón un custo que sobrepaga con creces o importe máximo deste concurso. É por isto polo que dende os servizos técnicos se valore de forma especial a presenza de técnicos nas instalacións municipais durante os tempos de traballo habituais y así minimizar os tempos de parada/resolución. Moitas das incidencias que se presentan no traballo cotián non requiren a presenza física dun técnico dado que se poden solventar de forma remota ou mediante indicacións ao usuario a través do teléfono, pero para que isto poda levarse a cabo, debe existir una dispoñibilidade de técnicos inmediata (tipo *Help-Desk* sen demora, inmediato) a través de canles de comunicación dispostos a tal efecto.

Dado o volume de traballo que se da no Concello os canles de comunicación de incidencias non se poden ver mermados por simples problemas técnicos sen que exista unha solución alternativa, o uso de un único canle de comunicación pode conlevar a perda de moitas horas de traballo si dito canle non estivera dispoñible, de aí a necesidade de dispoñer de canles alternativos para poder comunicar a incidencia.

Por outra banda o coñecemento en todo momento, e en tempo real, por parte dos servizos informáticos municipais das incidencias e situación das mesmas (abertas, pechadas, pendentes de aprobación de presuposto, non atendidas, etc.), permite non só levar o control das mesmas se non que garanten a posibilidade de tomar as decisións oportunas para o correcto funcionamento de todo o sistema, permitindo incluso adiantarse a posibles incidencias. Dado que o sistema de control de incidencias e obrigatorio de acordo co prego de Condicións Técnicas, o acceso a dito sistema en tempo real considérase de suma importancia, e incluso como verificación do resumo de incidencias que a empresa adxudicataria terá que presentar mensualmente.

OFERTA TÉCNICA 1 – INFORHOUSE S.L.

- a) **Traballadores**
18 puntos.



- b) **Calidade de prestación do Servizo**
25 puntos.


OFERTA TÉCNICA 2 – 2KSYSTEMS SOLUCIONES INFORMÁTICAS FERROL, S.L.

- a) **Traballadores**
6 puntos.
- b) **Calidade de prestación do Servizo**
10 puntos.

Este e o informe que se emite salvo mellor criterio.



Asinado dixitalmente por:
O Técnico Superior Informática
Gustavo Arribas Robles
16/10/2014 11:21:00



Asinado dixitalmente por:
O Técnico G.M. Comunicación e
Información
Manuel Rodríguez Álvarez
16/10/2014 11:22:00

